



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VCB PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA CANDIDATURA “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2016**

**REUNIDOS**

Dunha parte D<sup>a</sup> Ana Laura Iglesias González en calidade de Concelleira-Delegada da Área de Festas e Turismo.

Doutra parte D<sup>a</sup> Belen Vallina González, en calidade de Directora Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, con CIF: G-27722883, con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 3, Estación Marítima de Ría- local 2.

**MANIFESTAN**

**I.- A Fundación Vigo Convention Bureau** (en diante Fundación VCB) é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

O fin da Fundación VCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.

A Fundación VCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas coas actividades turísticas.
- Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa transcendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.
- Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e provedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.

Producir e distribuír a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.



- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais
- Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.
- Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A Fundación VCB, ademais dos estatutos, aprobou na reunión do padroado de data 25 de xuño de 2014, o *plan de traballo* que reflicte igualmente no apartado referido á misión da fundación “a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade.”

**II.- O Concello de Vigo** de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que recolle que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

**III.- O Concello de Vigo** e a Fundación VCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010.

A Fundación VCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora de dos bens turísticos de Vigo.

**IV.-O Concello de Vigo** está interesado en continuar os trámites conducentes á difusión das accións de promoción conducentes á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” iniciados no ano 2015.


A UNESCO, organización das Nacións Unidas para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de Patrimonio da Humanidade a sitios específicos do planeta de excepcional importancia cultural ou natural previamente nomeados e confirmados para a súa inclusión na lista elaborada polo Programa Patrimonio da Humanidade, a cal, alén do recoñecemento unha excepcional visibilidade, permite acompañar o desenvolvemento da "marca cidade" e o "destino turístico".

Ata a data en Galicia foron declarados Patrimonio da Humanidade, a cidade Vella de Santiago de Compostela, O Camiño de Santiago, a Torre de Hércules e a Muralla Romana de Lugo.




A inclusión na lista de Patrimonio da Humanidade implica que o recurso proposto teña un "sobresaínte valor universal". Tal inclusión esixe que satisfaga polo menos un dos dez criterios de selección. No caso que nos ocupa as Illas Cíes cumpren cos apartados 7, 9 e 10 do decálogo.

- Conter fenómenos naturais superlativos ou áreas de excepcional beleza natural e importancia estética.
- Ser un dos exemplos eminentes de procesos ecolóxicos e biolóxicos no curso da evolución dos ecosistemas.
- Conter os hábitats naturais máis representativos e máis importantes para a conservación da biodiversidade, incluíndo aqueles que conteñen especies ameazadas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia e o conservacionismo.

 **V.- A Fundación VCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a Fundación VCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, para continuar as actuacións de difusión conducentes á posta en marcha da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", así como todas aquelas funcións de promoción para a consecución da mesma.

A obtención da declaración das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" suporía para o turismo de Vigo e para a Fundación VCB o recoñecemento dun recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

 **VI.- O Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800000 prevé un convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, polo importe de 200.000,00€ (dous centos mil euros)

**VII.- O Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de competitividade do produto turístico "Turismo Urbano e de Ría" (PCPT Vigo) co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, e aumentar os ingresos e rentabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

O Plan de competitividade do produto turístico de Vigo "Turismo Urbano e de Ría" desenvolveu un significativo número de programas e produtos turísticos, segmentados e con grande capacidade de comercialización entre os que de xeito destacado se atopan a Ría de Vigo e as Illas Cíes. As Illas Cíes son o recurso turístico por excelencia da cidade de Vigo, segundo recurso turístico máis visitado de Galicia, polo que precisan da xestión adecuada para a posta en marcha de accións conducentes á difusión da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", así como aquelas de promoción da mesma.



En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a Fundación VCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración, durante o ano 2016.

## PACTOS

**Primeiro.- O obxecto do presente convenio** consiste en dar continuidade as accións de promoción e difusión da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2016, recollidos no Anexo I.

**A Fundación VCB, comprométese** a colaborar coa Concellería de Turismo do Concello de Vigo para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", o período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será o ano 2016, conforme co programa recollido no Anexo I.

### **A Fundación VCB comprométese a:**

- 1.-Levar a cabo as accións de continuidade para a difusión da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade".
- 2.-Dar continuidade as actividades de promoción das Illas Cíes necesarias para a concienciación previa á posta en marcha da obtención da declaración.
- 3.-Dotar do material e equipamento adecuado para conseguir os obxectivos do programa.
- 4.-Desenvolvemento das accións de difusión da potencial candidatura, tanto en medios físicos como en redes sociais.
- 5.- Asumir todos os custos directos e indirectos que se deriven do desenvolvemento das actividades.
- 6.-Establecer a través de recursos propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vencelladas coas tarefas descritas.
- 7.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- 8.-Comunicar á Concelleira-Delegada da área de Turismo calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención previsto no pacto segundo deste convenio.

### **Segundo.- O Concello de Vigo comprométese a:**

Conceder directamente á Fundación VCB a achega, para continuar coa execución e desenvolvemento das accións de difusión e promoción do proxecto de candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2016, co importe de 200.000,00€ (dous centos mil euros).

**Terceiro.- Esta subvención será compatible** con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Fundación VCB deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



**Cuarto.- O pagamento** da cantidade recollida neste convenio efectuarase en dous pagos:

-O primeiro pago será de 100.000,00€ (cen mil euros) o 50% do importe do convenio, que farase efectivo á sinatura do convenio.

-O segundo pago prevé un anticipo do 50% do importe restante, 50.000,00€, que se fará efectivo no mes de decembro do 2016, con cargo á partida “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” presuposto do ano 2016.

A Fundación VCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións as que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da entidade bancaria ABANCA, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 convenio xestión “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” polo importe total de 200.000,00€ (dous centos mil euros)

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A Fundación VCB non poderá subcontratar con terceiros a actividade obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a Fundación para a realización da actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A Fundación VCB debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Noveno.-** A Fundación VCB deberá **xustificar o cumprimento da finalidade obxecto** para o que se concedeu a subvención. A tal efecto deberá presentar:

a) **Memoria parcial de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2016 obxecto do primeiro pago, esta memoria de actuación debe presentarse na primeira semana do mes de decembro do 2016.

Unha segunda memoria parcial de actuación, xustificativa do segundo pago anticipado, deberá entregarse na segunda semana do mes de decembro do 2016.

As memorias deberán conter os datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria parcial económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2016, obxecto do primeiro pago, deberá presentarse na primeira semana do mes de decembro do 2016.

Unha segunda memoria parcial económica, xustificativa do segundo pago anticipado, deberá entregarse no mes de xaneiro do 2017.

Ambas memorias incorporarán:

-Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

-A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

-Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

-As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentárase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a Fundación VCB solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

-Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

-Xunto coa derradeira memoria económica, á Fundación VCB terá que presentar, un **informe final** no que se xustifique o cumprimento das condicións previstas no presente convenio e se expoña de forma resumida, as distintas actividades desenvolvidas segundo o programa recollido no Anexo I.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó **corrente no pagamento** das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

**Décimo primeiro.-** Serán **gastos subvencionables** os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada, se atopen recollidas na memoria (Anexo I do convenio) e se realicen dentro do ano 2016.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo Servizo de Turismo do Concello de Vigo; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Non se esixirá garantía en base o artigo 42.2.a) do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

**Décimo cuarto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Turismo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo sétimo.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias xustificativas as que se refire o pacto noveno deste convenio.



**Décimo oitavo.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2016 e non será prorrogábel.

**Décimo noveno.-** A Concelleira-Delegada de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención previsto no pacto segundo deste convenio.

**Vixésimo.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Vixésimo primeiro.-** A Fundación VCB está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencionable, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público, e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

A Fundación VCB poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

**Vixésimo segundo.-** A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

As actividades, servizos ou produtos ofertados ao público no marco do programa de actividades que conforma o Anexo I, poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.). A tal efecto, a entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.

**Vixésimo terceiro.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aprobou o seu regulamento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes



orçamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

Vigo, a 25 de novembro de 2016.

A Concelleira-Delegada da Área  
de Festas e Turismo.

Ana Laura Iglesias González

A directora xerente da Fundación Vigo  
Convention Bureau

Belen Vallina González





# ANEXO I

**PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VCB PARA PROMOCIÓN DAS ILLAS CIES COMO DESTINO TURÍSTICO E ACCIÓNS CONDUCENTES Á DECLARACIÓN DAS MESMAS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE**





## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN .....	3
A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU E A PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO .....	4
FICHA DO PROXECTO .....	7
OBXECTIVOS DO PROXECTO .....	8
ÁMBITO DE APLICACIÓN/DESTINATARIOS .....	10
POBOACIÓN INFANTIL E XUENIL .....	10
ACCÍONS DE DIFUSIÓN E CONCIENCIACIÓN ENTRE A CIDADANIA.....	11
CONCURSO DE REDACCIÓN E DEBUXO INFANTIL .....	11
CAMPAÑA-CONCURSO FOTOGRAFÍA EN REDES SOCIAIS.....	12
LIBRO FOTOGRÁFICO "ILLAS CÍES" .....	12
BANNER ILLAS CÍES. PATRIMONIO DA HUMANIDADE .....	13
PRESS TRIP .....	13
DATOS DA TIRAXE A CUMPRIR POLO DIARIO E MEDIOS SELECCIONADOS.....	16
ORZAMENTO.....	17

# INTRODUCCIÓN

A cidade de Vigo está a vivir nos últimos anos un proceso de transformación e rexeneración que incrementa o seu potencial para a captación de visitantes. A enorme competencia existente entre cidades e destinos turísticos suscita a necesidade de basear a competitividade en aspectos como a sostenibilidade, a calidade e a diferenciación do destino. Ademais, a mellora das infraestruturas e ferramentas turísticas incrementan a capacidade de oferta e atractivo de Vigo. Non obstante compre aínda construír unha marca-cidade sólida, ferramenta estratéxica para que Vigo gañe cota de mercado e se desestacionalice. A oportunidade presentase coa candidatura das Illas Cíes a patrimonio da Humanidade.

Nos últimos anos levasen executadas distintas accións para a promoción das Illas Cíes a Patrimonio da Humanidade. Dende o rexistro da marca: "ISLAS CÍES PATRIMONIO DE LA HUMANIDAD" ata eventos, concursos e campañas de promoción e difusión.



Para poder lograr o obxectivo final de catalogar as Illas Cíes como patrimonio da humanidade debese manter un fluxo constante de accións de promoción das illas, que permita difundir o proxecto entre a cidadanía co obxectivo final de garantir o coñecemento e apoio popular á candidatura.

# A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU E A PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO


A Fundación Vigo Convention Bureau en adiante VCB, ten entre as súas funcións o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos para a cidade de Vigo<sup>1</sup>.



O Concello de Vigo e a Fundación VCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A Fundación VCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc. e desenvolvendo todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo.

A Fundación, no seu plano estratéxico e no plano de actuación 2015, reflicte a necesidade de desenvolver de xeito conxunto a oferta de actividades de promoción e a creación de produtos específicos para os congresos e eventos, a información e comercialización turística e o turismo de fin de semana e gastronómico co obxecto de facer de Vigo unha cidade emblemática como destino tanto congresual como turístico.

O plan de traballo para o ano 2015, aprobado na reunión do Padroado celebrada o 29 de abril de 2015, reflicte no apartado referido á misión da Fundación *"a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade, xunto a unha programación de promoción concreta que potencie a captación de eventos."*



<sup>1</sup> Tal e como se recolle no artigo 4 dos seus estatutos

Este apartado recolle tamén que para o éxito de dita misión compre "o desenvolvemento da imaxe e a realización e posta en marcha dunha estratexia de comunicación da Fundación coherente e interrelacionada coa de Turismo de Vigo así como o resto de actores do sector".

De igual xeito entre as actividades fundacionais<sup>2</sup>, a Fundación leva a cabo entre outras as seguintes actividades:

- Crear e consolidar unha conciencia pública - tanto oficial como privada - en relación coa transcendencia económica do turismo
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas con estas actividades.
- Representar no plano nacional e internacional á cidade de Vigo así como a todos os membros do Padroado, podendo celebrar incluso convenios de cooperación ou colaboración con entidades do sector público ou privado, que contribúan ao seu desenvolvemento.
- Coordinar con autoridades, organizacións e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.
- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.

A VCB, actualmente é un referente na correcta execución do marketing de destino Vigo, informando de forma profesional sobre todos os servizos especializados para congresos, convencións, viaxes de incentivo e eventos en xeral, sendo responsable ademais da confección de todo o material promocional do turismo MICE.



Artigo 5 dos estatutos da Fundación.

A Fundación VCB ven representando ao Destino Vigo nas principais e diferentes feiras e espazos de promoción internacional tales como as Feiras EIBTM (Barcelona), IMEX (Frankfurt) e FITUR (Madrid), onde realiza presentacións de Vigo como destino turístico aos profesionais do sector e comercializadores.




THE GLOBAL MEETINGS &  
EVENTS EXPO  
Barcelona, Spain

En maio de 2013 a Fundación organizou o encontro "Mesa de traballo Turismo de Vigo" para analizar experiencias de cooperación público-privada e buscar novas canles de colaboración entres as institucións e o sector profesional na xestión do turismo en Vigo, sentando así as bases para a promoción do destino Vigo.

O Padroado da Fundación, celebrado en abril de 2012, acordou incluír nas súas liñas básicas de traballo a promoción de Vigo como destino mediante a procura da posta en marcha de novas rutas aéreas co seu aeroporto e o mantemento e reforzo das existentes.

Así a Fundación VCB ven colaborando co Concello de Vigo na realización da análise das rutas aéreas e destinos carentes de servizo no Aeroporto de Vigo, e elaborando propostas dirixidas ao establecemento e promoción de rutas aéreas nacionais e internacionais acordes ás necesidades de Vigo e o sur de Galicia, representando ao Concello no comité técnico de Coordinación Aeroportuaria de AENA, elaborando informes de situación e propostas conducentes ao establecemento de novas rutas e destinos no aeroporto de Vigo, desenvolvendo estatísticas, asistindo a feiras especializadas do sector e organizando eventos de promoción de



Vigo como destino.



Alén das entidades que conforman o Padroado, a Fundación VCB conta entre os seus socios coas principais empresas directamente ligadas co sector turístico en Vigo, tales como axencias de viaxes con departamento de receptivo, empresas de transporte de viaxeiros terrestre e marítimo, catering, organización de eventos, soporte audiovisual e comunicación.

Tendo en conta as súas fins, composición do seu padroado, o perfil dos socios e a capacidade profesional e experiencia na posta en marcha de proxectos, a Fundación VCB é o único espazo de encontro entre o sector turístico e as institucións na cidade de Vigo que conta coa capacidade e experiencia imprescindibles para levar a cabo as accións recollidas neste convenio conducentes á posta en marcha da candidatura.

De igual xeito a Fundación VCB vería impulsado o seu papel como órgano de apoio a xestión do Turismo na cidade e reforzada a súa relevancia e pertinencia como institución e polo tanto a súa continuidade no tempo.

## FICHA DO PROXECTO

<b>NOME DO PROXECTO</b>	"ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE" DIFUSIÓN DO PROXECTO DE CANDIDATURA 2016
<b>DATA DE INICIO</b>	02/11/2016
<b>DATA DE FIN EXECUCIÓN</b>	30/12/2016
<b>ENDEREZO DO CENTRO DE TRABALLO</b>	CÁNOVAS DO CASTILLO 3, ESTACIÓN DE RÍA LOCAL 2, 36202 VIGO
<b>DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DE REALIZACIÓN DO PROXECTO</b>	CIDADE DE VIGO E A SÚA CONTORNA
<b>RELACIÓN CUSTES LABORAIS DA FUNDACIÓN IMPUTADOS AO PROXECTO</b>	COORDINACIÓN E XESTIÓN DE ACCIÓNS
<b>RESPONSABLE DA ORGANIZACIÓN/DIRECCIÓN</b>	BELÉN VALLINA GONZÁLEZ (XERENTE FUNDACIÓN VCB)





# OBXECTIVOS DO PROXECTO

O Concello de Vigo o inicio dos trámites conducentes á difusión do proxecto da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade".



A UNESCO, organización das Nacións Unidas para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de Patrimonio da Humanidade a sitios específicos do planeta de excepcional importancia cultural ou natural previamente nomeados e confirmados para a súa inclusión na lista elaborada polo Programa Patrimonio da Humanidade, a cal, ademais do recoñecemento dunha excepcional visibilidade, permite acompañar o desenvolvemento da "marca cidade e o destino turístico".

*[Handwritten signature in blue ink]*



Ata a data en Galicia foron declarados Patrimonio da Humanidade: a zona vella de Santiago de Compostela, a Torre de Hércules, a Muralla Romana de Lugo e o Camiño Francés, este último completouse coa declaración de patrimonio mundial dos Camiños do Norte o 5 de xullo deste ano.

A inclusión na lista de Patrimonio da Humanidade implica que o recurso proposto teña un "sobresáinte valor universal". Tal inclusión lle esixe que satisfaga polo menos un dos dez criterios de selección. No caso

que nos ocupa as Illas Cíes cumpren cos apartados 7, 9 e 10 do decálogo:

- Conter fenómenos naturais superlativos ou áreas de excepcional beleza natural e importancia estética.
- Ser un dos exemplos eminentes de procesos ecolóxicos e biolóxicos no curso da evolución dos ecosistemas.
- Conter os hábitats naturais máis representativos e máis importantes para a conservación da biodiversidade, incluíndo aqueles que conteñen especies ameazadas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia e o conservacionismo.

As Illas Cíes son unha icona básica na cidade de Vigo, firmemente ancorada no imaxinario colectivo dos vigueses e as institucións en canto a súa necesaria posta en valor como activo medioambiental e turístico.




O desenvolvemento da marca-cidade Vigo obtería un impulso definitivo mediante a declaración das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade. Abundan exemplos e estudos de destinos que aumentaron o seu coñecemento e desenvolvemento turístico a través da rexeneración urbana a construción de infraestruturas con capacidade de atracción de visitantes (Bilbao) ou a posta en valor de recursos naturais (Asturias).



O Concello de Vigo anunciou o 18 de novembro de 2013 mediante rolda de prensa a intención de presentar a **candidatura "Illas Cíes - Patrimonio da Humanidade"** enclave natural de valor universal sen igual en todo o planeta" indicando que a tramitación será un "procedemento complexo e longo" que precisará dunha "mobilización absoluta de toda a cidade", colectivos e institucións.



A divulgación da iniciativa e a súa raizame na cidadanía precisa do desenvolvemento de accións que chamen a atención sobre o proceso de construción da candidatura tanto no eido local como galego, nacional e internacional.



# ÁMBITO DE APLICACIÓN/DESTINATARIOS


Este proxecto procura dar a coñecer entre a cidadanía en xeral, a candidatura das Illas Cíes, prestando especial atención ao **público infantil e xuvenil**. Isto se realizará a través de accións de grande visibilidade e potencialidade de difusión e viralidade tanto en redes sociais como en medios de comunicación tradicionais. Procurarase a xeración de impactos a diferentes niveis, tanto no eido local como autonómico, nacional e mesmo internacional.



## POBOACIÓN INFANTIL E XUVENIL

O camiño para acadar a declaración de Illas Cíes Patrimonio da Humanidade é longo e esixe constancia. A través da realización de accións dirixidas ao público infantil e xuvenil conseguirase:

- Concienciar ao publico infantil e xuvenil e polo tanto traballar de cara ao futuro
- Alcanzar indirectamente a todo no núcleo familiar (pais, nais, avós, ..)
- Garantir a difusión do proxecto o ser un núcleo de poboación cun alto coñecemento dixital.
- Alongar e amplificar o coñecemento do proxecto entre a poboación xeral.



# ACCIÓN DE DIFUSIÓN E CONCIENCIACIÓN ENTRE A CIDADANIA

A continuación se enumeran as accións enmarcadas dentro deste proxecto.

## CONCURSO DE REDACCIÓN E DEBUXO INFANTIL

No mes de novembro, organizarase un concurso de redacción e debuxo infantil que levará o título de **"CÍES, O PARAISO DE TODOS"**. Nel os escolares, estruturados en 3 tramos de idade para a categoría de debuxo e 2 tramos para a de redacción, deberán expresar a súa visión das Illas Cíes. Os tramos de idade serán:


### DEBUXO:

- ✦ 1º e 2º de Educación Primaria (nenos nados entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2010).
- ✦ 3º e 4º de Primaria (nenos nados entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2008).
- ✦ 5º e 6º de Primaria (nenos nados entre o 1 de xaneiro de 2005 e o 31 de decembro de 2006).



### REDACCIÓN:

- ✦ 3º e 4º de Primaria (nenos nados entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2008).
- ✦ 5º e 6º de Primaria (nenos nados entre o 1 de xaneiro de 2005 e o 31 de decembro de 2006).



Os debuxos e redaccións gañadores (5 por categoría), publicaranse nas páxinas dun xornal local e tamén se creará unha galería fotográfica na web do propio xornal. O xornal seleccionado deberá cumprir coas tiraxes e lectores que se establecen no proxecto<sup>3</sup>.

O xornal seleccionado deberá cumprir as tiraxes mínimas marcadas no anexo deste documento.

Así mesmo, unha vez fallados os premios, se organizará un acto no que se entregarán a cada un dos premiados os agasallos correspondentes, dándosele a apropiada cobertura informativa.

## CAMPAÑA-CONCURSO FOTOGRAFÍA EN REDES SOCIAIS

A acción anterior centrábase no público infantil, para o resto de poboación, pero particularmente para captar o sector xuvenil, decídese convocar un concurso e fotografía denominado **"SIENTO CÍES"** nas redes sociais. Os participantes enviarán fotos onde saian as Illas Cíes ou en onde haxa una alusión clara as Illas.

As fotos subiranse ás redes, e a ganadora determinarase polo nº de "Me gusta" (likes) conseguidos. Crearase unha identidade propia, con una imaxe corporativa e un hastag que axude a centralizar e medir as opinións en redes sobre esta acción.



- Para garantir un bo resultado deste acción executáranse as seguintes accións:
- Elaboración de Bases e revisión xurídica das mesmas.
- Creación de Imaxe (Logo, hastag, claim, ...).
- Adaptación e xestión de materiais para o seu uso en redes.
- Campañas de difusión e promoción:
  - En Radio, Televisión, Web, RRSS.

## LIBRO FOTOGRAFICO "ILLAS CÍES"



En interese da candidatura das Illas Cíes a Patrimonio da Humanidade, executarase unha campaña de promoción do libro "Illas Cíes", en prensa e radio, a idea e achegar as illas o público en xeral, a través das fotografías do libro.

O libro terá as seguintes características:

- Mínimo de 140 follas con fotografías a cor.
- Textos en galego, castelán e inglés.
- Tamaños de 21x26cm.

Colaborarase na realización dunha tirada de 5.000 exemplares, e promoverase a súa difusión

# BANNER ILLAS CÍES. PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Establécese a necesidade de promocionar a candidatura das Illas Cíes a patrimonio da Humanidade no mundo dixital, polo que se creará un Banner<sup>4</sup> coa lenda "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" nun portal que garante unha extensa difusión e promoción a nivel rexional e nacional<sup>1</sup>.



O Banner terá asociado unha ligazón á paxina web de turismo de Vigo, onde existirá un apartado para a candidatura das Illas Cíes. O banner estará operativo 1 ano.

A idea de esta actuación é promover a candidatura das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade mediante un banner permanente na páxina web cunha galería fotográfica das Illas, así como con foros de opinión, artigos, vídeos, etc. que fagan chegar aos cidadáns a excelencia deste arquipélago que destaca pola súa riqueza biolóxica, así como por atesourar unha importante colonia de gaivotas patiamarillas, cormorán cañudo, un importante bosque de algas pardas, cordóns dunares ou plantas endémicas en perigo de extinción.

## PRESS TRIP

Continuando coa liña de difusión da candidatura das Illas Cíes a Patrimonio da Humanidade, atopámonos coa necesidade de promovela a través de artigos e reportaxes nos principais medios e axencias, tanto a nivel nacional coma internacional. Por todo isto acordase a realización dun Press Trip no que se contactará con **7 periodistas** de primeiro nivel, referentes do sector e que colaboren coas principais axencias.



Proceso de execución do Press Trip:

- Selección de participantes entre a prensa nacional e internacional.
- Elaboración do programa, tendo en conta as aportacións dos participantes.
- Elaboración dun plan de comunicación.
- Definición de produtos e calendarios de publicación.

<sup>4</sup> Un banner é un formato publicitario en Internet. Esta forma de publicidade por internet consiste en incluír unha peza publicitaria dentro dunha páxina web. O seu obxectivo principal é atraer tráfico cara ao sitio web do anunciante que paga pola súa inclusión.

Obxectivos:

- Dar a coñecer e vivenciar as Illas Cíes a nivel nacional e internacional.
- Concienciar e promocionar a candidatura entre profesionais e prescriptores.

## DINAMIZACIÓN DA CANDIDATURA EN REDES SOCIAIS



Tal e como indicamos o éxito desta iniciativa está directamente ligado á difusión da mesma e á apropiación da idea por parte da cidadanía. A tal efecto compe a posta en marcha dunha estratexia de posicionamento na web e nas redes sociais. Á reserva de dominios, rexistro de marca e apertura de contas para a comunicación oficial da candidatura, todas estas accións xa

desenvolvidas en 2015,, debemos engadir este ano novas campañas de difusión que permitan redirixir e potenciar o tráfico que ó redor do proxecto de candidatura se vai xerando.

So unha estratexia predefinida nas principais redes, permitirá con posterioridade acadar viralidade na comunicación e atinxir ao máximo número de persoas.

A marca reservada no 2014 “**ISLAS CÍES PATRIMONIO DE LA HUMANIDAD**” e o seu logo teranse en conta na definición das etiquetas e hashtags a usar durante esta nova campaña **#ISLASCIESPATRIMONIODELAHUMANIDAD, #CIESPATRIMONIO**, etc.

# CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN

## ACCIÓNS DO PROXECTO

	NOV		DEC		ENERO	
	01-15	15-30	01-15	15-30	01-15	15-30
<b>A - COORDINACION PROXECTO</b>						
APT1 - LABORES PRELIMINARES - COORDINACIÓN	█					
APT2 - SEGUIMIENTO EXECUCIÓN ACCIÓNS		█				
APT3 - ELABORACIÓN MEMORIAS E XUSTIFICACIÓN				█		
<b>B - ACCIÓNS</b>						
BPT1 -CONCURSO DE REDACCIÓN E DEBUXO			█			
BPT2 - BANNER PROMOCIONAL			█			
BPT3 - LIBRO "ILLAS CIES"			█			
BPT4 - CONCURSO FOTOGRAFÍA			█			
BPT5- PRESS TRIP			█			

Na primeira semana de decembro achegarase un calendario actualizado e detallado das accións a desenvolver no marco do proxecto



# DATOS DA TIRAXE A CUMPRIR POLO DIARIO E MEDIOS SELECCIONADOS

## DATOS A CUMPRIR TIRAXE EN PAPEL

PROMEDIO DE TIRAXE MENSUAL EN 2014	Min. 30.000
PROMEDIO DE DIFUSIÓN MENSUAL EN 2014	Min. 25.000
MEDIA LECTORES DIARIOS (Datos 2014)	Min. 220.000

Os datos deben ser avalados po OJD<sup>5</sup> ou EGM<sup>6</sup>  
Terase en conta o impacto a nivel da provincia de Pontevedra

## DATOS A CUMPRIR PAXINA WEB

MEDIA UU DIARIOS	Min. 90.000
MEDIA UU MENSUALES	Min. 1.500.000
MEDIA PAXINAS VISITADAS MES	Min. 9.000.000

## DATOS A CUMPRIR MEDIO TELEVISIÓN

TELEESPECTADORES/MES	Min. 60.000
----------------------	-------------

## DATOS A CUMPRIR MEDIO RADIO

OÍNTES/MES ( PROVINCIA DE PONTEVEDRA)	Min. 60.000
COTA DE MERCADO	Min. 50%

## REDES SOCIAIS

FACEBOOK	Min. 100.000
TWITTER	Min. 60.000

<sup>5</sup> A Oficina de Xustificación da Difusión (OJD) é a encargada do control da tiraxe e difusión de diarios e revistas impresos en España.

<sup>6</sup> (EGM) Estudio General de Medios.

# ORZAMENTO

## ORZAMENTO DIFUSIÓN DO PROXECTO DE CANDIDATURA 2016

A COORDINACIÓN E SEGUEMENTO	CUSTOS
COORDINACIÓN E XESTIÓN +DOMINIOS+ MATERIAL OFICINA	8.588,10 €
<b>A TOTAL COORDINACIÓN E SEGUEMENTO</b>	<b>8.588,10 €</b>
<b>B ACCIÓNS DE DIFUSIÓN</b>	
CONCURSO FOTOGRAFIA "SIENTO CÍES"	43.411,90 €
CONCURSO REDACCIÓN E DEBUXO+ BANNER+ LIBRO "ILLAS CÍES"	98.000,00 €
PRESS TRIP	50.000,00 €
<b>B TOTAL ACCIÓNS DE DIFUSIÓN</b>	<b>191.411,90 €</b>
<b>TOTAL PROXECTO</b>	<b>2000.000 €</b>

